




UNIDADE DIDÁCTICA


UNHA OLLADA Á PAISAXE DA AUGA DE XESTA

Visitas guiadas á exposición

Outono 2014

UNIDADE DIDÁCTICA: UNHA OLLADA Á PAISAXE DA AUGA DE XESTA

A **exposición** “A paisaxe da auga de Xesta” que ten lugar no pavillón da Carballeira dos Prados da parroquia lamense Xesta (Pontevedra), ofrece esta proposta didáctica para os centros escolares galegos que desexen visitala.



A paisaxe de Xesta foi salpicada por unha extensa rede de muíños hidráulicos ó longo do río Xesta, espallados por todos os lugares e aldeas que integran a poboación. Son estas construcións pétreas o paradigma da capacidade de adaptación dos nosos antergos ás condicións do territorio, moldeándoo en harmonía coa natureza ca fin de poder desenvolver as funcións básicas na vida cotiá.

Nun marco incomparable **para disfrutar da natureza e da cultura**, a mostra detalla toda a información gráfica elaborada para 18 construcións muiñeiras do patrimonio etnográfico desta parroquia, así como vai máis alá e abrangue o ámbito antropolóxico, a tradición oral e os usos e costumes do pobo ó redor do muíño.

METODOLOXIA

- Material de traballo para a preparación de coñecementos previos á visita na aula.
- VISITA DIDÀCTICA Á EXPOSICIÓN .
- Fichas de traballo na aula adaptadas a cada ciclo educativo.

OBXECTIVOS

- Coñecer os muíños de río e o seu funcionamento .
- Descubrir a elaboración do pan a partir da moenda dos cereais.
- Coñecer a arquitectura popular galega e as súas funcións .
- Analizar a intervención arquitectónica na paisaxe en función das necesidades para a vida diaria.

DESTINATARIOS

Alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e primeiro ciclo de ESO.



TEMPORIZACIÓN

- Unha sesión previa na aula, e outra posterior para reafirmación de conceptos adquiridos na visita.
- Visita guiada de hora e media á exposición e a un dos muíños de Xesta.

OBSERVACIÓNS

- Visita guiada por un especialista e adaptada a cada ciclo educativo.
- A actividade é gratuíta. O centro ha de facerse cargo do desprazamento en autocar á Xesta.
- As actividades desta unidade serán escollidas libremente polo profesorado segundo o nivel do grupo.

Para saber algo máis ...

Os muíños son aparellos mecánicos feitos para aproveitar as forzas da natureza: da auga, do mar ou dos ríos; do vento; ou mesmo a forza dos animais. Ca forza obtida móvese a máquina dentro de cada muíño para acada-la moenda dun produto agrícola, xeralmente, o gran dos cereais para obter así a fariña, coa que se fai o pan.

Os muíños de Xesta son muíños de río: para poder moer, o mecanismo móvese pola forza coa que baixa a auga e empurra no **rodicio**, a roda que activa todo o movemento da maquinaria interna. A choiva continuada do clima galego, fixo que estes muíños foran os que mais se espallaran pola nosa terra.

O muíño está formado polo aparello interno que propiamente é o que fai a moenda, e toda unha carcasa, unha construción externa que protexe o aparello e que ademais **le**va a auga ó muíño a través da **levada e a canle**.



Como funciona un muíño?



O gran baleirase na **moega** e e baixa ata a **adella** que é o distribuidor, a cal, segundo a inclinemos, caerá máis ou menos gran.

O gran cae no **ollo** da **moa** e entra entre as dúas pedras, a **moa** e o **pé**, a través duns canais gravados nas mesmas chamados “raias”, onde será triturado e sairá moído cara o exterior das pedras.

A moa e o pé, ó estar protexidas polo tambor, a **fariña** queda retida saíndo ó exterior por unha pequena canle aberta na fronte do mesmo que dirixe a fariña e salvado triturados cara a **cernedora**, que é unha caixa de madeira cunha tea de metal moi fina na parte inferior, coma un colador. A fariña, ó ser moi fina, traspasa esta malla metálica, pero o salvado non colle polos buratos e é recollido para uso gandeiro. Se suprimimos a cernedora, o salvado e a fariña irán xuntos, tal e como saen da pedra, e obteremos así fariña integral.

Para facer a fariña máis ou menos fina, se poden separar ou xuntar as pedras, subindo ou baixando o **erguedoiro**. Ó se subir, se separa a **segorella** e entón se “alivia” o muíño, feito que fai moer o gran máis groso.

**UNE CUNHA FLECHA A PARTE
CORRESPONDENTE NO DEBUXO DO MUÍÑO**

ERGUEDOIRO

MOEGA

CANLE DA AUGA

RODICIO

MOA

ADELLA

PE

SEGORELLA



Como se medían as cantidades da moenda?

As unidades de medida tradicionais nas labours do campo e en todo o medio rural galego utilizadas eran:

O TEGO : Unidade de medida cunha capacidade aproximada de 14 litros.

O NETO : Unidade de medida dunha capacidade aproximada a 1,15 litros.




E os seus múltiplos:

O FERRADO = 2 tegos

A FANEGA = 8 tegos ou 4 ferrados




FAI UN CÍRCULO VERMELLO Ó REDOR DAS PARTES DO APARELLO DO MUÍÑO E UN CADRADO AZUL Ó REDOR DAS PARTES QUE SE CONSTRUEN PARA PROTEXER A MAQUINA.



**1 . RECORTA AS PARTES DA
MÁQUINA DA PÁXINA ANTERIOR E
MÓNTAAS EN ORDEN PARA QUE
O TEU MUÍÑO POIDA MOER**

**2. DEBUXA POR FORA A
CONSTRUCCIÓN: A CASA, A
LEVADA E O RÍO, DENDE ONDE
SE COLLE A AUGA**





SOBRE O PASEO...

- ¿Como se chama o río onde se atopa o muíño?
- ¿Onde se atopa o pavillón on viches a exposición?
- ¿Podes recordar os nomes das árbores que viches?

SOBRE OS MUÍÑOS...

- Como se move a maquinaria do muíño?
- Cómo se lle chama a este tipo de enerxía?
- Cómo entra a auga nos muíños?


**FAI UN DEBUXO
APROXIMADODAS PARTES
EXTERNAS E INTERNAS
QUE FORMAN O MUÍÑO**

- ¿Os muíños existiron sempre tal e como os coñecemos hoxe?
- ¿Cales foron os primeiros muíños dos que hai constancia? ¿Como funcionaban?
- ¿Tes na casa algún muíño? Para que o utilizas?
- ¿Resolvíche-la adiviña?

***Anda e non ten pes,
come e non ten boca,
canta comida lle des,
toda lle parece pouca***



- ¿A qué imita o baile en círculo da muiñeira?
- ¿Como lle chaman á parte do muíño onde se bota o gran? Que forma ten?
- ¿En que parte do muíño se separa o salvado da fariña?




**COMENTADE ENTRE
TODOS OS COMPAÑEIRAS
E COMPAÑEIRAS O
SIGNIFICADO DESTOS
DITOS E REFRANS
POPULARES**

AUGA PASADA NON MOVE MUÍÑO

NEN MUÍÑO SEN RODICIO, NEN HOME SEN OFICIO


CADA UN TIRA DA AUGA PARA O SEU MUÍÑO

ANDANDO GAÑA O MUÍÑO, QUE PARADO ESTÁ PERDIDO



ESCOLLE UN E ESCRIBE UN CONTO Ó QUE SE LLE POIDA APLICAR.

ALIMENTÁMONOS...¡¡¡INVESTIGANDO!!!



- Indica as partes dun gran de trigo e investiga as súas propiedades alimentarias.
- De que cor é o salvado?
A que parte do gran pertence?

- Que diferenza existe entre a fariña integral e a fariña normal panificable?

Como se obteñen?

Cal cres que é máis saudable?